




SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT



ANEXO I

Determinacións e obxectivos/Indicadores

ANEXO II

Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

ANEXO III

Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

ANEXO IV

Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU)

ANEXO V

Xestión dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT)

XUNTA
DE GALICIA

A seguir expóñense as preguntas seleccionadas en maior detalle nas que se especifica, en cada unha delas, a enquisa a que pertence, a súa capacidade de adaptación, aspectos que atende segundo se estableceu no ISA das DOT, tema concreto a valorar, pregunta na súa forma orixinal, proposta de pregunta adaptada e/ou proposta de nova pregunta e fundamentación da elección e da necesidades de adaptación, así como os comentarios do IGE.

PREGUNTA 1

EN IGE: Enquisa de Condicións de Vida das Familias (9)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Existencia o acceso a servizos urbanísticos e espazos libres

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL

9.- Referente a Servizos, Instalacións e Equipamentos da Vivenda. ¿Dispón a súa vivenda dos seguintes servizos e instalacións?

- | | |
|---|---------|
| 1. Terraza, patio ou xardín individual ou comunitario | si / no |
| 2. Tendedeira | si / no |
| 3. Seguro do fogar | si / no |
| 4. Domótica | si / no |
| 5. Canalización pública de augas residuais | si / no |
| 6. Canalización á rede pública de auga potable | si / no |
| 7. Recollida de lixo nun entorno inmediato da súa vivenda | si / no |
| 7.1 Recollida de residuos orgánicos | si / no |
| 7.2 Recollida de vidro | si / no |
| 7.3 Recollida de plásticos, metálicos (latas...) | si / no |
| 7.4 Recollida de papel e cartón | si / no |
| 8. Iluminación pública exterior | si / no |
| 9. Auga quente | si / no |
| 10. Calefacción instalada | si / no |
| 11. Ascensor | si / no |

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

- 1.1. Terraza, patio ou xardín individual ou privado si / no

1.2. Terraza, patio ou xardín público ou comunitario	si / no
2. Tendedeira	si / no
3. Seguro do fogar	si / no
4. Domótica	si / no
5.1. Canalización pública de augas residuais	si / no
5.2. Calquera outro sistema de recollida e depuración de augas residuais adaptado ás condicións do medio rural e autorizado pola autoridade competente	si / no
5.3. Rede pública de pluviais á que conectar as baixantes dos tellados	si / no
5.4. Sistema de reutilización de pluviais	si / no
6.1. Conexión á rede pública de auga potable	si / no
6.2. Calquera outro sistema de abastecemento de auga potable adaptado ás condicións do medio rural e autorizado pola autoridade competente	si / no
7. Recollida de lixo nun entorno inmediato da súa vivenda	si / no
7.1 Recollida de residuos orgánicos	si / no
7.2 Recollida de vidro	si / no
7.3 Recollida de plásticos, metálicos (latas...)	si / no
7.4 Recollida de papel e cartón	si / no
8. Iluminación pública exterior	si / no
9. Auga quente	si / no
9.1. ¿Qué fonte de enerxía emprega para quentar a auga? (solar, biomasa, aerotérmica/xeotérmica, electricidade, gasóleo, gas natural, propano/butano, gasóleo).	si / no
10. Calefacción instalada	si / no
10.1. ¿Qué fonte de enerxía emprega para calefacción? (solar, biomasa, aerotérmica/xeotérmica, electricidade, gasóleo, gas natural, propano/butano, gasóleo)	si / no
11. Ascensor	si / no

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Esta pregunta, aínda que solo achega unha contestación positiva ou negativa sen unha valoración da calidade, permite coñecer se no entorno do fogar existen espazos libres e acceso aos servizos urbanísticos, como a rede de saneamento, sistema de traída de auga municipal, recollida de lixo ou iluminación pública (respostas 1,5,6,7,8)..

Para que a pregunta sexa aínda máis adecuada, tería que distinguirse no aspecto 1, entre terraza, patio ou xardín público (comunitario) ou terraza, patio ou xardín privado (individual). Por outra banda, opínase que no referente aos sistemas

de abastecemento e saneamento da auga, sería conveniente incluír entre as respostas posibles, os tipos de sistemas que se adaptan mellor ás condicións do medio rural (das vivendas incluídas nos núcleos rurais) e que non se teñen por qué corresponder con sistemas xerais de colectores. Augas de Galicia así o contempla entre as determinacións que foron incluídas nas DOT (Determinación 4.8.14. No contexto dos núcleos rurais, os sistemas de abastecemento e saneamento poderán contemplar solucións específicas adaptadas ás particularidades do medio rural no que se atopan, como poden ser as tecnoloxías de baixo custo ou outras de tipo autónomo. Respecto aos sistemas de tratamento de augas residuais poderase analizar o uso de sistemas alternativos aos convencionais como poden ser as gabias filtrantes, filtros verdes, zonas húmidas artificiais, lagoas ou sistemas combinados naqueles asentamentos onde debido á súa localización ou tamaño, os custos da construción e mantemento dunha EDAR ou o transporte das augas residuais ata unhas instalacións deste tipo, sexan maiores que o da implantación dalgún dos sistemas alternativos propostos, rexéndose na determinación por criterios de eficiencia e sostibilidade e sempre e cando sexan compatibles cos criterios sinalados polo organismo de conca en materia de vertidos, en función das características do medio receptor.

Por parte do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) consideran necesario coñecer o grao de utilización de fontes renovables para satisfacer a demanda enerxética das vivendas. Nas preguntas propostas para isto (9.1 e 10.1) débese dar a posibilidade de marcar dúas fontes. Tamén apuntan que é necesario coñecer se existe unha separación de augas residuais e pluviais e se estas últimas se reutilizan dado que o consumo enerxético que supón o tratamento das augas residuais está vinculado á cantidade de auga tratada e esta é maior se non existe separación residuais-pluviais. Ademais, a reutilización de pluviais implica unha redución do consumo de enerxía na potabilización da auga.

COMENTARIOS DO IGE:

Téñense dúbidas do coñecemento dos fogares das opcións 5.3 e 5.4. Para a opción 6.2 habería que indicar a qué se refire.

Con respecto ás opcións 9.1 e 10.1 pésase que deberían ir nunha pregunta separada, incluíndo ademais a electricidade e outras fontes, como madeira.

PREGUNTA 2

EN IGE: Enquisa de Condicións de Vida das Familias (12)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Existencia o acceso a dotacións: equipamentos e espazos libres

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL: *(os cambios propostos figuran en cor vermella)*

12.- Referente a Accesibilidade e Servizos na Área. Indique se o seu fogar dispón dos seguintes servizos a unha distancia que se poida realizar, ben a pé, **en bicicleta, nalgún medio de transporte público ou colectivo ou en vehículo motorizado propio, aproximadamente en quince minutos:** (Onde 1 é A pé, 2.1 é En bicicleta, 2.2 é Nalgún medio de transporte público ou colectivo, 2.3 é En vehículo motorizado propio e 3, Non dispón).

1. Centro de saúde ou ambulatorio	1 / 2 / 3
2. Farmacia	1 / 2 / 3
3. Gardería pública	1 / 2 / 3
4. Colexio de educación infantil público	1 / 2 / 3
5. Colexio de primaria público	1 / 2 / 3
6. Colexio de secundaria público	1 / 2 / 3
7. Instituto de ensinanza secundaria (IES), bacharelato, FP públicos	1 / 2 / 3
8. Biblioteca pública	1 / 2 / 3
9. Oficina de correos	1 / 2 / 3
10. Parada de autobús	1 / 2 / 3
11. Estación de tren	1 / 2 / 3
12. Instalacións deportivas	1 / 2 / 3
13. Centros sociais de espallamento públicos (centros culturais, centros da terceira idade, ludotecas)	1 / 2 / 3

14. Espazos abertos de espallamento (parques...)	1 / 2 / 3
15. Tenda de comestibles	1 / 2 / 3
16. Venda de prensa	1 / 2 / 3
17. Banco, caixa de aforros, caixeiro	1 / 2 / 3
8. Bar ou cafetaría	1 / 2 / 3

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: *(os cambios propostos figuran en cor vermella)*

1. Centro de saúde ou ambulatorio	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
2. Farmacia	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
3. Gardería pública	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
4. Colexio de educación infantil público	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
5. Colexio de primaria público	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
6. Colexio de secundaria público	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
7. Instituto de ensinanza secundaria (IES), bacharelato, FP públicos	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
8. Biblioteca pública	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
8.1 Museos públicos	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
8.2 Monumentos, xardíns históricos ou bens protexidos polo seu valor cultural de acceso público	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
9. Oficina de correos	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
10. Parada de autobús	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
11. Estación de tren	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
12. Instalacións deportivas	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
13. Centros sociais de espallamento públicos (centros culturais, centros da terceira idade, ludotecas)	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
14. Espazos abertos de espallamento (parques...)	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
15. Tenda de comestibles	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
16. Venda de prensa	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
17. Banco, caixa de aforros, caixeiro	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3
18. Bar ou cafetaría	1 / 2.1 / 2.2 / 2.3 / 3

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Esta cuestión, ao igual que a anterior, non consegue plasmar o nivel de satisfacción respecto a accesibilidade ás dotacións no entorno do fogar, nin a percepción

en relación a calidade de vida, mais supón unha referencia á accesibilidade a ditas dotacións (equipamentos e espazos libres).

Non obstante, para que esta pregunta sexa axeitada e axude a valorar a idoneidade dos criterios establecidos nos instrumentos de ordenación do territorio en referencia á accesibilidade aos servizos e dotacións, propónse que se segregue o punto de “algún medio de transporte” para distinguir o transporte público ou colectivo e outros medios non motorizados como a bicicleta, do transporte privado motorizado. Así, por exemplo, aínda que a escola estea a máis de 15 minutos de distancia, se existe un transporte escolar e funciona adecuadamente, a accesibilidade á escola é boa; pola contra, se a escola está a menor distancia pero non existe transporte escolar normalizado, non sería do todo accesible.

Tamén é importante considerar a distancia real ou percibida; non é o mesmo quince minutos a pé, no ámbito rural que nun ámbito urbano. A percepción do acceso aos servizos tamén xogan un papel importante na ordenación do territorio. Noutra orde de cosas, os resultados obtidos con esta pregunta fan deducir que quizá grande parte dos fogares enquisados poderíanse situar nas cabeceiras municipais. Isto parece ser así especialmente ao considerar que máis do 50% dos fogares ten acceso a pé (15 minutos) a un centro de saúde.

Dende Mobilidade, estima de grande interese a inclusión das referencias efectuadas ao transporte en bicicleta e/ou en transporte público ou colectivo. Creen que debería clarificarse a ficha en dous sentidos: por unha parte, na liña de indicar que, no suposto de existir varios deses modos de transporte se indiquen todos eles.

Por outra parte, incluso con maior relevancia, cremos que a marxe de 15 minutos para o acceso en transporte público pode ser excesivamente limitada, considerando a evidente limitación que representan as frecuencias deste; ou ben se indica que a marxe de 15' é a partir do acceso ao modo de transporte, o que pode dar un resultado carente de precisión, ou se podería ampliar esa marxe temporal no caso do transporte público colectivo ao abano 15 – 45 minutos.

COMENTARIOS DO IGE:

O obxecto desta pregunta é estudar a accesibilidade a determinados servizos considerados básicos, independentemente de que sexan utilizados ou non, en termos de distancia temporal, non en termos de satisfacción, calidade ou cantidade, nin medio de desprazamento.

Para analizar o nivel de satisfacción faise nas preguntas 8 (pregunta 14 do cuestionario orixinal) e 12. Polo tanto, a proposta realizada pola Dirección Xeral do Patrimonio parece que tería máis cabida nesa pregunta.

No tocante á suxestión para considerar o tipo de medio no que transcorre a distancia (rural ou urbano), dicir que se poden sacar resultados clasificados por áreas e por tamaño dos municipios. Estudarase a posibilidade de incluír o grado de urbanización dos concellos.

As outras propostas:

- Ampliar o intervalo de tempo, suporía perder a comparabilidade cos datos de anos anteriores. Non é aconsellable.
- Diferenciar entre medios motorizados ou non e colectivos e privados e incluso sinalar varios se existen. Neste caso, si é certo que no mesmo tempo a distancia que se pode facer en bicicleta e nun medio motorizado en xeral son moi diferentes. Pero considérase que dado o nivel de uso en Galicia da bicicleta, pode que moita xente non saiba facer esa valoración. E como consecuencia moitos fogares que si terían un determinado servizo a menos de 15 minutos en bicicleta nos contesten outra das opcións. Estase de acordo en que coñecer a existencia de medios de transporte públicos é interesante.
- Pedir que sinalen varios medios suporía que as persoas contestaran en función das súas costumes e equipamentos. Así, dúas persoas que residan no mesmo edificio poderían contestar cousas diferentes en función da dispoñibilidade ou non de coche ou bicicleta.

A proposta do IGE é deixar a pregunta como está e para aqueles fogares que nos indicaran a opción 2 (que teñen dispoñible o servizo a unha distancia que pode realizar nalgún medio de transporte en aproximadamente 15 minutos), preguntarlle:

¿Ten dispoñible un medio de transporte público para facer este desprazamento nese tempo?

PREGUNTA 3**EN IGE: Enquisa de Condicións de Vida das Familias (13)****PROPONSE ADAPTACIÓN: NON****ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:**

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:**Satisfacción coa calidade ambiental do entorno****PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:**

13.- Referente ao Nivel de Satisfacción dos Fogares coa Vivenda e o seu Entorno Físico e Social. ¿Ten a súa vivenda algún dos problemas ou inconvenientes seguintes?

1. Falta de espazo	si / no
2. Ruídos producidos polos veciños	si / no
3. Ruídos procedentes do exterior (tráfico, negocios)	si / no
4. Luz natural insuficiente nalgúnha habitación	si / no
5. Deficiencias de illamento térmico ou acústico	si / no
6. Goteiras	si / no
7. Humidades	si / no
8. Podremia en solos ou en ventás	si / no
9. Deficiencias na instalación eléctrica da vivenda	si / no
10. Deficiencias da instalación de fontanería da vivenda	si / no
11. Subministro deficiente de enerxía eléctrica	si / no
12. Subministro deficiente de auga	si / no
13. Contaminación, sucidade ou outros problemas pola industria ou o tráfico	si / no
14. Acceso a internet	si / no

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: Non se formularon propostas**FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:**

Os aspectos 3 e 13 resultan de interese para valorar e facer o seguimento das DOT. Estes elementos indican a existencia problemas de contaminación debida a convivencia de posibles usos incompatibles nun mesmo espazo.

PREGUNTA 4

EN IGE: Enquisa Social: Fogares e Medioambiente (61 e 62)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Satisfacción coa calidade ambiental do entorno

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

61.- Referente aos problemas de ruído . Ao longo de 2007, ¿sufriron no seu ámbito habitual problemas de ruídos?

- 1. Si
- 2. Non

62.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. Dígame se cada un dos feitos que lle enumero a continuación é causa de que teñan problemas de ruído, e a frecuencia e intensidade destes. (En caso de darse distintas situacións de frecuencia e intensidade, indique as mais relevantes):

	1. É causa	2. Frecuencia	3. Intensidade
A. Tráfico terrestre	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
B. Tráfico aéreo	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
C. Dos veciños	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
D. De orixe animal	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
E. De orixe mecánica (incluído obras)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
F. Actividades comerciais e de ocio	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
G. Reunións informais urbanas (botellón)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
H. Outra causa (especificar):	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

61.- Referente aos problemas de ruído e vibracións . Ao longo de 2007, ¿sufriron no seu ámbito habitual problemas de ruídos?

- 1. Si
- 2. Non

62.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. Dígame se cada un dos feitos que lle enumero a continuación é causa de que teñan problemas de ruído, e a frecuencia e intensidade destes. (En caso de darse distintas situacións de frecuencia e intensidade, indique as mais relevantes):

	1. É causa	2. Frecuencia	3. Intensidade
A. Tráfico terrestre	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
B. Tráfico aéreo	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
C. Dos veciños	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
D. De orixe animal	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
E. De orixe mecánica (incluído obras)	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
F. Actividades comerciais e de ocio	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
G. Reunións informais urbanas (botellón)	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
H. Outra causa (especificar):	Si ☐ 1 Non ☐ 6 → FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3

O apartado E redactárase da seguinte forma: E. De orixe mecánica (incluído obras e industrias extractivas)

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Estas preguntas realizan unha función equivalente á pregunta 13 da Enquisa sobre as condicións de vida (ECV), posto que permiten coñecer a satisfacción da cidadanía relacionada con cuestións de ordenación e planificación territorial, como é calidade ambiental do hábitat, derivada en grande parte dunha correcta asignación de usos e actividades.

Considérase que a inclusión proposta no apartado E achega un maior detalle na resposta que beneficia aos seguimentos dos aspectos que se deben valorar pola EPTU.

COMENTARIOS DO IGE:

Podería incluírse a pregunta para identificar as causas dos problemas de ruído, coa modificación do punto E.

Aínda que por coherencia e comparabilidade co cuestionario anterior de ECV (na que xa ía algo na pregunta 3), en lugar de ámbito habitual deberá ser na vivenda

(no entorno da vivenda) e, en lugar de ao longo do ano anterior debería ser a situación actual.

Pensase que non se deberían unir ruído e vibracións (no anterior cuestionario de ECV as vibracións ían dentro da pregunta 3 'Contaminación, sucidade e outros problemas pola industria ou polo tráfico). Pode diferenciarse nese punto.

¿É necesario solicitar frecuencia e intensidade?, na enquisa social non se exploraron esas variables.

PREGUNTA 5

EN IGE: Enquisa Social: Fogares e Medioambiente (63)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Necesidade e percepción de melloras para a calidade ambiental do entorno

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

63.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo algunha medida respecto ao problema de rúidos? (Sinalar como máximo 3 opcións).

Insonorización da vivenda	1
Cambio de residencia	2
Queixarse ao causante	3
Denuncia do feito	4
Formar unha asociación ou asociarse con organismos para loitar contra o problema	5
Outra medida (especificar):	6
Ningunha	7

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

63.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo algunha medida respecto ao problema de rúidos? (Sinalar como máximo 3 opcións).

Insonorización da vivenda	1
Cambio de residencia	2
Queixarse ao causante	3
Denuncia do feito	4
Formar unha asociación ou asociarse con organismos para loitar contra o problema	5
Outra medida (especificar):	6
Ningunha	7

63.2. Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo as administracións algunhas accións ou melloras encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos rúidos no seu entorno?. En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Foi positivo, 2 Non mellorou nada e 3, Empeorou.

1. Reorganización do tráfico de maior intensidade, con medidas como poden ser a creación de circunvalacións ou a peonización de rúas, dependendo de cada contexto	1 / 2 / 3
2. Construción de barreiras ou pantallas acústicas	1 / 2 / 3
3. Aplicación de ordenanzas acústicas específicas adaptadas a casos problemático	1 / 2 / 3
4. Traslado de actividades molestas ruidosas a outros emprazamentos máis axeitados	1 / 2 / 3
5. Outras medidas (especificar)	1 / 2 / 3

63.3.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Cree que é necesario establecer accións e melloras encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos rúidos no seu entorno por parte das administracións públicas? En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Non melloraría nada; 2 é Empeoraría a situación; 3 é Sería positivo

1. Reorganización do tráfico de maior intensidade, con medidas como poden ser a creación de circunvalacións ou a peonización de rúas, dependendo de cada contexto.	1 / 2 / 3
2. Construción de barreiras ou pantallas acústicas	1 / 2 / 3
3. Aplicación de ordenanzas acústicas específicas adaptadas a casos problemático	1 / 2 / 3
4. Traslado de actividades molestas ruidosas a outros emprazamentos máis axeitados	1 / 2 / 3
5. Outras medidas (especificar)	1 / 2 / 3

COMENTARIOS DO IGE:

Podería incluírse a primeira parte, pero sen a opción 'Cambio de residencia' (problemas na vivenda e situación actual). En todo caso, a proposta e non incluíla xa que na *Enquisa social* non se explotou esa información. A maioría dos fogares non tomaron medidas, os baixos tamaños mostrais das opcións consideradas non aconsellan a súa explotación.

A segunda e terceira parte son de opinión, polo que nese formato non teñen cabida na ECV.

Ademais a segunda parte, a valoración das medidas levadas a cabo pola administración, pode dar lugar a resultados confusos. Ao preguntar unicamente aos

fogares con problemas, nos fogares que xa non teñen problemas non teríamos información.

Con respecto á terceira parte, posibilidades de mellora, podería incluírse algo da forma,

¿Estaría a favor das seguintes medidas encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos rúidos no seu entorno por parte das administracións públicas? Con opcións de resposta SI/NON

PREGUNTA 6

EN IGE: Enquisa Social: Fogares e Medioambiente (64-65)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Satisfacción coa calidade ambiental do entorno

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

64.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. Ao longo de 2007, ¿sufriron no seu ámbito habitual problemas de cheiros?

- 1. Si
- 2. Non

65.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. Dígame se cada un dos feitos que lle enumero a continuación é causa de que sufran cheiros, e a frecuencia e intensidade destes. (En caso de darse distintas situacións de frecuencia e intensidade, indique as mais relevantes):

	1. É causa	2. Frecuencia	3. Intensidade
A. Fumes, tabaco...	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
B. Canalizacións, saneamento,...	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
C. Explotacións agrarias	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
D. Industrias (alimentarias, pesca, talleres...)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
E. Comercios (supermercados, peixarías...)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
F. Colectores de residuos	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
G. Vertedoiros	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
H. Outra causa (especificar):	Si ☐ 1 Non ☐ 6→FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

	1. É causa	2. Frecuencia	3. Intensidade
A. Fumes, tabaco...	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
B. Canalizacións, saneamento,...	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
C. Explotacións agrarias	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
D. Industrias (alimentarias, pesca, talleres...)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
E. Comercios (supermercados, peixarias...)	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
F. Colectores de residuos	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
G. Vertedoiros	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3
H. Outra causa (especificar):	Si ☐ 1 Non ☐ 6→ FIN	Algunhas veces ☐ 1 A miúdo ☐ 2 Diariamente ☐ 3	Tolerable ☐ 1 Bastante forte ☐ 2 Moi forte ☐ 3

Incluír un apartado entre a letra C e D: - Industrias extractivas.

Incluír despois do apartado C: D Explotacións acuícolas.

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Estas preguntas realizan unha función equivalente á pregunta 13 da Enquisa sobre as condicións de vida (ECV), posto que permiten coñecer a satisfacción da cidadanía relacionada con cuestións de ordenación e planificación territorial, como é calidade ambiental do hábitat derivada en grande parte dunha correcta asignación de usos e actividades.

Achega unha maior concreción e detalle na resposta que beneficia ao seguimento dos aspectos a valorar pola EPTU. Proponse que poida integrarse dalgunha forma na ECV.

Considérase que as inclusións propostas achegan un maior detalle na resposta que beneficia aos seguimentos dos aspectos que se deben valorar pola EPTU.

COMENTARIOS DO IGE:

Podería incluírse a pregunta para identificar as causas dos problemas de cheiros. Aínda que por coherencia coa pregunta 4, en lugar de ámbito habitual deberá ser na vivenda (no entorno da vivenda) e, en lugar de ao longo do ano anterior debería ser a situación actual.

Con respecto á modificación para incluír eses dous novos *items*, a recomendación é incluílos só explicitamente nos xa existentes, xa que sobrecargarían a recollida de información e probablemente debido a súa baixa incidencia non se poidan explotar por separado (¿olores debido a industrias extractivas?).

Pensamos que non se deberían unir ruído e vibracións (no anterior cuestionario de ECV as vibracións ían dentro de da pregunta 3 'Contaminación, sucidade e outros problemas pola industria ou polo tráfico). Pode diferenciarse nese punto.

Ao igual que na pregunta 4, ¿é necesario solicitar frecuencia e intensidade?, na enquisa social non se explotaron esas variables.

PREGUNTA 7

EN IGE: Enquisa Social: Fogares e Medioambiente (66)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Necesidade e percepción de melloras para a calidade ambiental do entorno

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

66.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo algunha medida respecto aos cheiros? (Sinalar como máximo 3 opcións).

Poñer depuradores de aire na súa vivenda	1
Cambiarse de residencia	2
Limpar a zona	3
Queixarse ao causante	4
Denunciar o feito	5
Formar unha asociación ou asociarse con organismos de loita ambiental	6
Outra medida (especificar):	7
Ningunha	8

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: *(os cambios propostos figuran en cor vermella)*

66.1.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo algunha medida respecto aos cheiros? (Sinalar como máximo 3 opcións).

Poñer depuradores de aire na súa vivenda	1
Cambiarse de residencia	2
Limpar a zona	3
Queixarse ao causante	4
Denunciar o feito	5

Formar unha asociación ou asociarse con organismos de loita ambiental	6
Outra medida (especificar):	7
Ningunha	8

66.2.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Levaron a cabo as administracións algunhas accións ou melloras encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos cheiros?. En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Foi positivo, 2 Non mellorou nada e 3, Empeorou.

1. Traslado de actividades molestas ou insalubres a outros emplacements máis axeitados	1 / 2 / 3
2. Aplicación de normas (como poden ser as ordenanzas) que limiten ou regulen casos particulares de emisións de gases e fumes	1 / 2 / 3
3. Mellora do sistema de colectores de residuos, como por exemplo, pode ser o seu soterramento ou a súa agrupación en "illas verdes"	1 / 2 / 3
4. Clausura de vertedoiros	1 / 2 / 3
5. Outras medidas (especificar)	1 / 2 / 3

66.3.- Referente aos problemas de ruído e cheiros. ¿Cree que é necesario establecer accións e melloras encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos cheiros no seu entorno por parte das administracións públicas? En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Non melloraría nada; 2 é Empeoraría a situación; 3 é Sería positivo.

1. Traslado de actividades molestas ou insalubres a outros emplacements máis axeitados	1 / 2 / 3
2. Aplicación de normas (como poden ser as ordenanzas) que limiten ou regulen casos particulares de emisións de gases e fumes	1 / 2 / 3
3. Mellora do sistema de colectores de residuos, como por exemplo, pode ser o seu soterramento ou a súa agrupación en "illas verdes"	1 / 2 / 3
4. Clausura de vertedoiros	1 / 2 / 3
5. Outras medidas (especificar)	1 / 2 / 3

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Tal e como se formula a pregunta, contribuiría a coñecer se a cidadanía recoñece que pode levar a cabo certas accións ou medidas de mellora por si mesma, ou simplemente contempla a posibilidade de desenvolver ou outorgar prioridade unhas sobre outras.

Non obstante, esta pregunta goza de certa potencialidade de cara á EPTU, si se engadisen outros aspectos (melloras) realizados polas administracións en relación á ordenación do territorio.

Asemade, poderíase engadir unha cuestión que identificase a necesidade de melloras por parte das administracións e a valoración da eficacia e idoneidade dunha lista de posibles melloras.

COMENTARIOS DO IGE:

Podería incluírse a primeira parte, pero sen a opción 'Cambio de residencia' (problemas na vivenda e situación actual). En todo caso, a proposta e non incluí-la xa que na Enquisa social non se explotou esa información. A maioría dos fogares non tomaron medidas, os baixos tamaños mostrais das opcións consideradas non aconsellan a súa explotación.

A segunda e terceira parte son de opinión, polo que nese formato non teñen cabida na ECV.

Ademais a segunda parte, a valoración das medidas levadas a cabo pola administración, pode dar lugar a resultados confusos. Ao preguntar unicamente aos fogares con problemas, nos fogares que xa non teñen problemas non teríamos información.

Con respecto á terceira parte, posibilidades de mellora, podería incluírse algo da forma,

¿Estaría a favor das seguintes medidas encamiñadas a eliminar ou minimizar o problema dos cheiros no seu entorno por parte das administracións públicas?
Con opcións de resposta SI/NON.

PREGUNTA 8

EN IGE: Enquisa de Condicións de Vida das Familias (14)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Satisfacción coa calidade dos servizos urbanísticos e as dotacións

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

14.- Referente ao Nivel de Satisfacción dos Fogares coa Vivenda e o seu Entorno Físico e Social. No entorno da súa vivenda, ¿considera que existen os seguintes problemas? Enténdese por entorno, aquelas zonas que se poden realizar aproximadamente a 15 minutos a pé

- | | |
|--|---------|
| 1. Deficiencias no acceso ás vivendas (iluminación, beirarrúas, acceso para minusválidos...) | si / no |
| 2. Delincuencia ou vandalismo | si / no |
| 3. Presenza de lixo | si / no |
| 4. Poucos espazos públicos de espallamento (abertos ou pechados).... | si / no |
| 5. Deficiencias nos servizos de transporte | si / no |
| 6. Insuficiencia de servizos sanitarios de atención primaria | si / no |
| 7. Insuficiencia de servizos de ensinanza obrigatoria | si / no |

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

14.- Referente ao Nivel de Satisfacción dos Fogares coa Vivenda e o seu Entorno Físico e Social. No ámbito da súa vivenda, ¿considera que existen os seguintes problemas? Enténdese por ámbito, o entorno de veciñanza próximo (barrio, rúas próximas, aldea, etc)

- | | |
|---|---------|
| 1. Deficiencias na urbanización (barreiras arquitectónicas, mala pavimentación ...) | si / no |
| 2. Deficiencias no mobiliario urbano (iluminación, bancos, papeleiras...) | si / no |

- | | |
|--|---------|
| 3. Delincuencia | si / no |
| 4. Vandalismo | si / no |
| 5. Presenza de lixo | si / no |
| 6. Poucos espazos públicos de espallamento (abertos ou pechados).... | si / no |
| 7. Insuficiencia de espazos de xogos de nenos | si / no |
| 8. Insuficiencia de áreas arboradas | si / no |
| 9. Pouca presenza de establecementos comerciais | si / no |
| 10. Poucas dotacións comunitarias | si / no |
| 11. Deficiencias nos servizos de transporte | si / no |
| 12. Insuficiencia de servizos sanitarios de atención primaria | si / no |
| 13. Insuficiencia de servizos de ensinanza obrigatoria | si / no |
| 14. Edificacións ruinosas | si / no |
| 15. Edificacións inacabadas | si / no |
| 16. Presenza de medianeiras e edificacións desconformes | si / no |

No apartado 5 (orixinal), 11 (reformulada): “Deficiencias nos servizos de transporte” parece excesivamente vago, e cremos que debería ser concretado un pouco máis, orientándoa a características concretas do sistema de transporte (carencia de servizos, dificultade na accesibilidade ao mesmo,...), e clarificando o ámbito do que se entende por “servizos de transporte” (calquera modo de transporte, co que tamén incluíría o vehículo particular, os modos de transporte público, co que incluíría o colectivo e os vehículos turismo –taxi-, o transporte público colectivo).

Como proposta, suxerimos dividir este apartado en dous, un referente á accesibilidade en xeral a calquera modo de transporte, e outra referente á suficiencia dos servizos de transportes público colectivo.

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Esta pregunta resulta de interese para a EPTU porque contribúe a caracterizar a calidade dos servizos e dotacións máis básicos de proximidade, axudando a establecer accións e políticas de mellora en cada un dos espazos. Tamén contribúen a coñecer se certas accións emprendidas en referencia ás DOT son percibidas polo conxunto da sociedade ou non.

COMENTARIOS DO IGE:

Con respecto ás modificacións propostas:

- Por comparabilidade, deixaremos a definición de entorno da ECV.

- As opcións 1 e 2 están ben, pero para manter a serie desde o ano 1999 do item ‘ Deficiencias no acceso ás vivendas, propoñemos:

- . Deficiencias na urbanización (barreiras arquitectónicas, mala pavimentación...)

- . Deficiencias na iluminación

- . Deficiencias noutro mobiliario urbano (bancos, papeleiras...)

- As opcións 3 e 4 propostas, están unidas porque pensase que hai moita relación entre elas.

- As opcións 7 e 10 propostas, solápanse coa 6 'Poucos espazos públicos de espallamento (abertos ou pechados)', proponse:

- . Insuficiencia de espazos abertos públicos para o espallamento (parques...)

- . Insuficiencia de equipamentos deportivos (abertos e pechados)

- . Poucos centros culturais/sociais de espallamento públicos (centros culturais, da terceira idade, ludotecas...)

- A opción 9 non parece que encaixe demasiado nesta pregunta xa que en todos os casos nos estamos referindo a aspectos nos que a administración pode influír directamente. E salvo nas grandes superficies, non está claro aquí a influencia da administración.

- Para as opcións 8, 14 ,15 e 16 a proposta é incluílas na pregunta 12, onde proponse unha diferente valoración da paisaxe. Non presentan problemas, pero hai que ter en conta que non se está preguntando a existencia, senón a valoración dun problema para o fogar entrevistado.

Con respecto ás modificación proposta, referida aos servizos de transporte público, efectivamente habería que incluílo no texto:

Deficiencias nos servizos de transporte público ou doutras formas de transporte colectivo (paradas, rutas, frecuencia...)

PREGUNTA 9

EN IGE: NON. NOVA PREGUNTA

PROPONSE ADAPTACIÓN: --

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Necesidade e percepción de melloras para os servizos urbanísticos e as dotacións

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

Non se atopou.

PROPOSTA DE PREGUNTA NOVA

X1.- Referente ás melloras para os servizos urbanísticos e as dotacións. ¿Levaron a cabo as administracións algunha medida ou acción de mellora nos servizos urbanísticos e/ou nas dotacións? En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Foi positivo, 2 Non mellorou nada e 3, Empeorou

- | | |
|---|-----------|
| 1. Creación ou mellora de equipamentos educativos | 1 / 2 / 3 |
| 2. Creación ou mellora de equipamentos sanitarios | 1 / 2 / 3 |
| 3. Creación ou mellora de equipamentos deportivos | 1 / 2 / 3 |
| 4. Creación ou mellora de equipamentos culturais/sociais | 1 / 2 / 3 |
| 5. Aumento dos espazos reservados a establecementos comerciais | 1 / 2 / 3 |
| 6. Mellora dos sistemas de abastecemento de auga | 1 / 2 / 3 |
| 7. Mellora dos sistemas de saneamento de auga | 1 / 2 / 3 |
| 8. Aumento ou mellora de espazos libres de recreo e/ou verdes | 1 / 2 / 3 |
| 9. Mellora do sistema de transporte público ou doutras formas de transporte colectivo (máis paradas e/ou rutas) | 1 / 2 / 3 |
| 10. Creación de itinerarios aptos para bicicletas | 1 / 2 / 3 |
| 11. Creación de aparcadoiros | 1 / 2 / 3 |

X2.- Referente ás melloras para os servizos urbanísticos e as dotacións. ¿Cree que é necesario establecer accións e melloras nos servizos urbanísticos e/ou nas dotacións por parte das administracións públicas? En caso afirmativo, valóreas. Onde 1 é Non melloraría nada; 2 é Empeoraría a situación; 3 é Sería positivo

- | | |
|---|-----------|
| 1. Creación ou mellora de equipamentos educativos | 1 / 2 / 3 |
| 2. Creación ou mellora de equipamentos sanitarios | 1 / 2 / 3 |
| 3. Creación ou mellora de equipamentos deportivos | 1 / 2 / 3 |
| 4. Creación ou mellora de equipamentos culturais/sociais | 1 / 2 / 3 |
| 5. Aumento dos espazos reservados a establecementos comerciais | 1 / 2 / 3 |
| 6. Mellora dos sistemas de abastecemento de auga | 1 / 2 / 3 |
| 7. Mellora dos sistemas de saneamento de auga | 1 / 2 / 3 |
| 8. Aumento ou mellora de espazos libres de recreo e/ou verdes | 1 / 2 / 3 |
| 9. Mellora do sistema de transporte público ou doutras formas de transporte colectivo: | |
| -máis paradas e/ou rutas | 1 / 2 / 3 |
| -tarifas máis baratas, bonos. | 1 / 2 / 3 |
| 10. Creación de itinerarios aptos para bicicletas | 1 / 2 / 3 |
| 11. Creación de aparcadoiros | 1 / 2 / 3 |
| 12. Actuacións de conservación, rehabilitación ou posta en valor do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos)..... | 1 / 2 / 3 |

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Tal e como se recolle nos ISA correspondentes, resultaría de grande interese coñecer a percepción da cidadanía en relación ás melloras realizadas ou que se prevén levar a cabo por parte da Administración.

Por parte do Patrimonio propónse incluír no cuestionario (pregunta X2.12) referencias á mellora do estado de conservación, rehabilitación (uso) e posta en valor (promoción e musealización) dos bens integrantes do patrimonio cultural que se poidan atopar nos ámbitos estudados, avaliando ao mesmo tempo o grado de estima que a cidadanía ten sobre estes bens e a súa consideración como parte dos equipamentos e servizos públicos dos que dispoñen en relación co seu goce, ocio e calidade de vida.

Dende Mobilidade apúntase valorar o incluír un punto 9bis, no que se valorase polo cidadán as políticas tarifarias (tarifas máis baratas, bonos,...) como vía para a mellora do sistema de transporte público.

COMENTARIOS DO IGE:

Esta pregunta presenta moitos problemas para a súa inclusión. Claramente é de opinión, polo que nese formato non ten moita cabida na ECV. Ademais, se solapa en gran medida coas preguntas 3 e 8 de problemas da vivenda e do entorno, se unha vivenda ten un problema loxicamente vai considerar necesario establecer algunha acción nese sentido.

A proposta do IGE é introducir os *items* na pregunta 8.

Sería introducir a maiores dos alí propostos:

. Poucas zonas de aparcamento

Téñense dúbidas de onde incluír os problemas nos sistemas de saneamento, nesta pregunta ou na 3. Poderíase se se quere introducir algo da forma:

¿Estaría a favor das seguintes medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida no seu entorno?. Con opcións de resposta SI/NON

Con respecto á modificación proposta pola Dirección Xeral de Mobilidade para valorar as políticas tarifarias, cremos que esa información se pode incluír na pregunta seguinte de mobilidade.

PREGUNTA 10

EN IGE: Enquisa social: fogares e medio ambiente (Epígrafe IX.I. Transporte, cuestións 76-82)

PROPONSE ADAPTACIÓN: SI

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Modos ou opcións de transporte para a mobilidade obrigada

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

76. ¿Cal é o medio de transporte utilizado usualmente por vostede?

Coche	1
Moto/ciclomotor	2
Taxi	3
Autobús	4
Metro/tranvía	5
RENFE ou outros trens	6
Outros medios colectivos (especificar)	7
Bicicleta	8
A pé	9
Ningún	10

77. ¿Dígame, dos que lle enumero a continuación, cales son os motivos polos que utiliza o transporte público? (sinalar como máximo tres opcións)

Comodidade/menos stres	1
Teño a parada preto de casa	2
É máis seguro	3
É máis rápido	4
É máis barato	5
Non teño vehículo	6
Non teño permiso de conducir	7

Outro membro necesita o vehículo	8
Non teño aparcadoiro alí onde vou	9
Conciencia ambiental	10
Outras razóns (especificar)	11

78. ¿Que días á semana utiliza principalmente o transporte público?

Días laborables	1
Fins de semana	2
Todos os días	3

79. ¿Por que non utiliza normalmente o transporte público? (sinalar como máximo tres opcións)

Non hai servizo alí onde vou	1
Teño a parada lonxe de casa	2
Pouca frecuencia	3
A duración da viaxe é moi larga	4
Teño que facer moitos transbordos	5
Os vehículos ou enlaces non están adaptados	6
Hei de levar/recoller os nenos á escola	7
Sae máis caro	8
Por comodidade	9
Necesito o vehículo para traballar ou para outra actividade posterior	10
Dispoño de aparcadoiro alí onde vou	11
Outras razóns (especificar)	12

80. ¿Por que razón vai camiñando ou en bicicleta? (sinalar como máximo tres opcións)

Exercicio/saúde	1
Proximidade	2
Custo	3
Hai carrís ou camiños adecuados	4
Non hai ningún outro transporte	5
Por entretemento	6
Porque non podo aparcar o coche	7
Conciencia ambiental	8
Outras razóns (especificar)	9

81. ¿Por que non vai camiñando ou en bici, normalmente? (sinalar como máximo tres opcións)

Traballo ou estudo lonxe	1
Problemas físicos	2
Demasiado tráfico	3
Tempo do traxecto	4
Beirarrúas estreitas	5
Falta dunha rede completa de carrís bici	6
Falta de instalacións de aparcamento de bicicletas	7
Necesito o vehículo para traballar ou para outra actividade posterior	8
Teño que transportar equipo	9
Seguridade persoal	10
Outras razóns (especificar)	11

82. ¿Fai normalmente a pé as distancias inferiores a dous km?

1. Si
2. No

PROPOSTA DE PREGUNTA ADAPTADA: (os cambios propostos figuran en cor vermella)

76. ¿Cal é o medio de transporte utilizado usualmente por vostede?

Coche	1	pasar á pregunta 79
Moto/ciclomotor	2	pasar á pregunta 79
Taxi	3	
Autobús	4	
Metro/tranvía	5	
RENFE ou outros trens	6	
Outros medios colectivos (especificar)	7	
Bicicleta	8	pasar á pregunta 80
A pé	9	pasar á pregunta 80
Ningún	10	pasar á pregunta 83 (saltar ao seguinte epígrafe)

Dende Ordenación do Territorio e Urbanismo propónse reordenala pregunta:

	Desprazamentos ao traballo	Desprazamentos de ocio	Outros desprazamentos
Coche individual			
Coche compartido			
Moto / ciclomotor			
Taxi			
Bus de liña			
Bus urbano			
Tranvía			
Tren			
Bicicleta			
Bicicleta en aluguer			
A pé			
Outro			

76.2. ¿A cantos kilómetros de distancia se atopa o lugar ao que se despraza habitualmente?

77. ¿Dígame, dos que lle enumero a continuación, cales son os motivos polos que utiliza o transporte público? (sinalar como máximo tres opcións)

Comodidade/menos stres	1
Teño a parada preto de casa	2
É máis seguro	3
É máis rápido	4
É máis barato	5
Non teño vehículo	6
Non teño permiso de conducir	7
Outro membro necesita o vehículo	8
Non teño aparcadoiro alí onde vou	9
Conciencia ambiental	10
Outras razóns (especificar)	11

78. ¿Que días á semana utiliza principalmente o transporte público?

Días laborables	1
Fins de semana	2
Todos os días	3

pasar á pregunta 81

79. ¿Por que non utiliza normalmente o transporte público? (sinalar como máximo tres opcións)

Non hai servizo alí onde vou	1
Teño a parada lonxe de casa	2
Pouca frecuencia	3
A duración da viaxe é moi longa	4
Teño que facer moitos transbordos	5
Os vehículos ou enlaces non están adaptados	6
Hei de levar/recoller os nenos á escola	7
Sae máis caro	8
Por comodidade	9
Necesito o vehículo para traballar ou para outra actividade posterior	10
Dispoño de aparcadoiro alí onde vou	11
Outras razóns (especificar)	12

80. ¿Por que razón vai camiñando ou en bicicleta? (sinalar como máximo tres opcións)

Exercicio/saúde	1
Proximidade	2
Custo	3
Hai carrís ou camiños adecuados	4
Non hai ningún outro transporte	5
Por entretemento	6
Porque non podo aparcas o coche	7
Conciencia ambiental	8
Outras razóns (especificar)	9

81. ¿Por que non vai camiñando ou en bici, normalmente? (sinalar como máximo tres opcións)

Traballo ou estudo lonxe	1
Problemas físicos	2
Demasiado tráfico	3
Tempo do traxecto	4
Beirarrúas estreitas	5
Falta dunha rede completa de carrís bici	6
Falta de instalacións de aparcamento de bicicletas	7
Necesito o vehículo para traballar ou para outra actividade posterior	8

Teño que transportar equipo	9
Seguridade persoal	10
Outras razóns (especificar)	11

82. ¿Fai normalmente a pé as distancias inferiores a dous km?

1. Si
2. No

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Este grupo de preguntas resulta de interese para a EPTU porque contribúe a avaliar as alternativas ou opcións de transporte que ten a poboación para os desprazamentos diarios. A mobilidade é un dos aspectos máis significativos para ser considerado na ordenación territorial e urbanística, nunha dobre vertente: por unha banda, no senso de reducir as necesidades de mobilidade (cunha axeitada zonificación de usos); e, por outra, cun deseño urbano ou territorial que permita un reparto modal equilibrado segundo cada contexto.

Como único proposta a engadir, formúlase a posibilidade de incluír algunha pregunta na que se poida identificar o lugar de destino (a nivel de concello) desa mobilidade obrigada.

Propoñemos incluír, por parte do INEGA, unha pregunta (76.2) coa distancia de desprazamento habitual que permita establecer se o medio de transporte utilizado é o que presenta un menor impacto no medio ou ben se se podería empregar outro alternativo.

Dende Mobilidade creen que resulta de enorme relevancia para o coñecemento dos padróns de mobilidade da poboación, e suxerimos una análise en profundidade da mesma para poder optimizar os resultados.

Un pequeno cambio no enfoque desta cuestión, na liña da proposta, permitiría acadar un resultado próximo ao que resultaría propio dun estudo de mobilidade como o elaborado pola entón Dirección Xeral de Transportes no ano 2006, no marco do estudo PITGAL. Como anexo a esta ficha incorporamos o modelo de enquisa que naquel momento se definiu e realizou, baixo o entendemento de que nin sería posible a incorporación da totalidade da mesma a esta enquisa máis global, e de boa parte das cuestións que na mesma se formulan estarán incluídas noutras cuestións desta mesma enquisa, polo que suxerimos que se analicen conxuntamente a posibilidade de incorporar cuestións que permitan analizar as porcentaxes de viaxes entre zonas de transporte.

Neste sentido, cremos que a incorporación dunha nova cuestión que recolla sintetizándoas, as cuestións 26 a 32 da enquisa PITGAL daríanos un coñecemento da modalidade inabarcable de outro modo.

COMENTARIOS DO IGE:

O Instituto Galego de Estatística (IGE) ten pensado incluír neste módulo un novo bloque de preguntas destinadas a estudar a mobilidade da poboación. Está sen realizar, pero parece que teñen cabida parte das preguntas propostas.

Será un cuestionario a persoas (as anteriores eran a fogares), haberá que ver a partir de que idade.

PREGUNTA 11

EN IGE: Enquisa de Condicións de Vida das Familias (15)

PROPONSE ADAPTACIÓN: NON

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:

Satisfacción coa calidade dos servizos urbanísticos e as dotacións

PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:

15.- Referente ao Nivel de Satisfacción dos Fogares coa Vivenda e o seu Entorno Físico e Social. ¿Cal é o seu grao de satisfacción global en relación a súa vivenda en canto a tamaño, prezo, veciñanza, servizo...?

- 1. Moi insatisfeito
- 2. Algo insatisfeito
- 3. Satisfeito
- 4. Moi satisfeito

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Esta cuestión sería relativamente axeitada posto que pregunta directamente sobre o nivel de satisfacción en relación, entre outras cousas, á veciñanza e servizos do entorno. Dita cuestión de maneira illada parece que non mantén relación cos obxectivos da EPTU nin ca calidade de vida acadada en relación á ordenación do territorio, se ben, hai que ter en conta que faise inmediatamente despois das cuestións referidas ao entorno inmediato, e que o individuo tende a contestar unicamente sobre este aspecto, o que ten máis recente.

Por outra banda, os aspectos sobre os que se formula a cuestión: tamaño, prezo, veciñanza, servizo, etc. fan referencia a características de civismo e elementos da xestión do territorio, os cales, de maneira indirecta responden a feitos e accións contempladas anteriormente na ordenación e planificación territorial.

En todo caso, a valoración da satisfacción por parte da cidadanía das cuestións referidas de forma máis directa á ordenación do territorio, poderíase engadir en cada unha das respostas das preguntas anteriores nas que só se identifican a existencia ou acceso, sen valorar a calidade do servizo.

COMENTARIOS DO IGE:

A satisfacción está nas preguntas 3 e 8.

PREGUNTA 12**EN IGE: NON. NOVA PREGUNTA****PROPONSE ADAPTACIÓN: --****ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:**

- A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR:**Satisfacción coa paisaxe****PREGUNTA NA SÚA FORMA ORIXINAL:****Non existe****PROPOSTA DE PREGUNTA NOVA**

a).- Valore a paisaxe do seu entorno de 1 a 5, sendo 5 a nota de maior calidade paisaxística e 1 a de menor nota.

-1 - 2 - 3 - 4 - 5 -

b.1).- ¿Cal considera que é a tendencia evolutiva da paisaxe da súa contorna?

Cara unha paisaxe Agrícola	Cara unha paisaxe Residencial	Cara unha paisaxe Forestal	Cara unha paisaxe de Monte	Cara unha paisaxe Comercial/servizos	Cara unha paisaxe Abandonada
Cara unha paisaxe Gandeira	Cara unha paisaxe Industrial	Cara unha paisaxe Agrogandeira	Cara unha paisaxe Marítima	Cara unha paisaxe Recreativa/turística	Cara unha paisaxe Outros

b.2).- ¿Está satisfeito con esta evolución?

- Moi satisfeito
- Satisfeito
- Indiferente
- Insatisfeito
- Moi insatisfeito

b.3).- ¿Cal cree que debería ser a evolución da paisaxe da súa contorna?

Cara unha paisaxe Agrícola	Cara unha paisaxe Residencial	Cara unha paisaxe Forestal	Cara unha paisaxe de Monte	Cara unha paisaxe Comercial/servizos	Cara unha paisaxe Abandonada
Cara unha paisaxe Gandeira	Cara unha paisaxe Industrial	Cara unha paisaxe Agrogandeira	Cara unha paisaxe Marítima	Cara unha paisaxe Recreativa/turística	Cara unha paisaxe Outros

b.4).- ¿Como consideras que é o impacto do turismo na túa contorna?

- Moi satisfeito
- Satisfeito
- Indiferente
- Insatisfeito
- Moi insatisfeito

FUNDAMENTACIÓN DA ELECCIÓN E DA NECESIDADE DE ADAPTACIÓN:

Nas enquisas revisadas polo momento non se identificou ningunha cuestión acerca da valoración da paisaxe.

Dende o IET considérase que se trata dun tema moi significativo para incluír na Enquisa das condicións de vida, en tanto que a paisaxe é un elemento importante da calidade de vida das poboacións en todas partes: nos medios urbanos e rurais, nas zonas degradadas e de gran calidade, nos espazos de recoñecida beleza excepcional e nos máis cotiáns (Convenio europeo da paisaxe), ou como recolle a Lei 7/2008, de paisaxe de Galicia (art.2 punto 2.a), a paisaxe, como elemento importante do noso entorno e do benestar humano, indicador da calidade de vida das persoas e compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural de Galicia, expresión da osa identidade propia.

Dende a Montes fan indicación, referida as propostas b.1, e b.3, de xeito que non se consideren “paisaxe forestal” diferenciado de “paisaxe monte”, posto que son o mesmo. Por exemplo, o artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia define “forestal” como todo aquilo relativo aos montes. Se se quere facer distinción entre arborado e non arborado deberase indicar “paisaxe forestal arborado” e “paisaxe forestal non arborado”.

Dende Turismo propónse engadir unha nova pregunta (b.4) así como engadir nos cadros de resposta das preguntas b.1 e b.3 a opción: “Cara a unha paisaxe degradada urbanisticamente”.

COMENTARIOS DO IGE:

A proposta do IGE é analizar a valoración da paisaxe mediante:

-¿Cómo cualificaría o entorno paisaxístico no entorno da súa vivenda?

Agrogandeira,..... (probablemente máis agregado do que se solicita)

- ¿Cál é o grao de satisfacción con este entorno paisaxístico?

-Considera que son un problema

. As edificacións ruinosas (*)

. As edificacións inacabadas (*)

. As medianeiras e edificacións desconformes (*)

. A mala conservación ou perda de valor do patrimonio cultural (monumentos, conxuntos históricos, restos arqueolóxicos, espazos protexidos...)

. O impacto do turismo

. A insuficiencia de áreas arboradas

(*) Hai que ter en conta que non se está a preguntar a existencia, senón a valoración dun problema para o fogar /persoa entrevistado.

PREGUNTA 13**COMENTARIOS IGE:**

Esta pregunta considerase que podería integrarse na pregunta 12.

EN IGE: NON. NOVA PREGUNTA

PROPONSE ADAPTACIÓN: --

ASPECTOS A VALORAR PARA A EPTU:

- a) A satisfacción xeral da cidadanía e a veciñanza cos niveis de calidade de vida conseguidos en relación á ordenación territorial.
- b) As posibilidades de mellora estrutural e puntual.
- c) As melloras efectivamente percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións destas DOT.
- d) A calidade dos espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento.
- e) A satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

TEMA CONCRETO A VALORAR

Planificación urbanística.

PREGUNTA EN SU FORMA ORIXINAL

Non existe.

PROPOSTA DE PREGUNTA NOVA

Referente ás melloras efectivamente percibidas da acción de planificación urbanística.
¿Como cualificaría o entorno no que reside? urbano / rural / non sabe

Referente ás melloras efectivamente percibidas da acción de planificación urbanística.
¿Reside nun concello ordenado segundo un plan urbanístico? si / non / non sabe

Referente ás melloras efectivamente percibidas da acción de planificación urbanística.
¿Reside nunha zona ordenada segundo un plan urbanístico específico? si / non / non sabe

Referente ao grao de satisfacción coa ordenación territorial e urbanística. Valore a calidade da ordenación urbanística do seu entorno de 1 a 5, sendo 5 a nota de maior calidade urbanística e 1 a de menor calidade.

Referente ao grao de satisfacción coa ordenación territorial e urbanística. Valore o grao de cumprimento da ordenación urbanística (disciplina e infraccións urbanísticas) do seu entorno de 1 a 5, sendo 5 a nota de maior grao de cumprimento e 1 a de menor grao de cumprimento.

En todo caso, esperarase á solución que poida achegar o equipo do IGE en relación á nova pregunta proposta.